



Hermandad del Dulcísimo Nombre de Jesús y de la Santa Casa de Misericordia

Colabora



Asociación "Cristo da Agonia" - Antigos Voluntarios de Protección Civil de Tui

SEMANA SANTA TUI



Do 6 ao 20 de abril de 2025



Domingo
6 de abril



18:00 h. Pregón da Semana Santa na Capela das Reliquias da S. I. Catedral

A cargo do Ecmo. Sr. D. Luis Quinteiro Fiuza, bispo emérito da diocese de Tui-Vigo.

Pequeno concerto a cargo do Conservatorio Municipal de Música de Tui.

Organiza: Asociación de Amigos da Catedral de Tui.

Colabora: Cabido Catedral de Tui e Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.

Domingo
13 de abril



11:00 h. Bendición de ramos na Praza de San Fernando

A continuación procesión e Santa Misa na S. I. Catedral.

Mércores
16 de abril



12:00 h. Misa Crismal na S. I. Catedral

Presidida polo Bispo da diocese e concelebrada polo presbiterio diocesano.

Bendición dos óleos que se empregan na administración dos sacramentos nas parroquias durante o ano e renovación polos presbíteros das súas promesas sacerdotais.

Monumentos de Xoves Santo



Igrexa de San Telmo



S. I. Catedral



San Domingos



Convento Clarisas



Horto das Oliveiras



Capela Misericordia



San Bartolomeu

Xoves
17 de abril



19:30 h. Misa Vespertina da cea do Señor na S. I. Catedral

19:00 a 23:00 h. Visita aos Monumentos

Tradicional percorrido polos seguintes lugares: S. I. Catedral, Igrexas das Monxas Clarisas, Igrexa de San Telmo, Capela da Residencia San Telmo, Igrexa de San Domingos e igrexa de San Bartolomeu. Na Capela da Misericordia visitase a representación do Horto das Oliveiras.

21:30 h. Procesión da Oración do Señor no Horto das Oliveiras

Nova procesión que sairá da Capela da Misericordia percorrendo as rúas do conxunto histórico de Tui.

Organiza: Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.

23:00 h. Hora Santa na S. I. Catedral

Venres
18 de abril



11:00 h. Sermón do Encontro e procesión dos Pasos

Saída dos pasos dende a Capela da Misericordia até a Praza de San Fernando onde terá lugar o Sermón do Encontro.

Orador: D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

A continuación procesión polas rúas da cidade.

Organiza: Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.

Colabora: Asociación "Cristo da Agonía" - Antigos Voluntarios de Protección Civil de Tui.

18.00 h. Celebración da Paixón do Señor na S. I. Catedral

20:00 h. Sermón do Desencravo e procesión do Santo Enterro

Na igrexa de San Domingos Sermón do Desencravo.

Orador: D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

A continuación Procesión do Santo Enterro, que organiza tradicionalmente o Concello de Tui coa colaboración da Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia, polas rúas da cidade ata a igrexa parroquial de San Francisco.

Venres Santo



Sábado
19 de abril



08:00 h. Procesión de Nosa Señora da Soidade

Saída dende a Igrexa de San Francisco ata a S. I. Catedral.

A continuación sermón a cargo de D. Santiago Freire Comesaña,
cóengo e párroco de Tui.

20:00 h. Solemne Vixilia Pascual na igrexa parroquial de San Francisco

Domingo
20 de abril



12:00 h. Misa Pascual na S. I. Catedral

Presidida polo Bispo da diocese.

Notas Históricas da Semana Santa Tudense



A Semana Santa Tudense, tal como a coñecemos na actualidade, é froito dun longo proceso formativo e evolutivo no que se conxugan achegas de moi diversa orixe.

Os frades dominicos, presentes na cidade desde 1272, e o cabido catedralicio figuran no que sen dúbida é, ata a data, o texto máis antigo en que se alude a estas conmemoracións. Trátase dunha escritura do notario tudense Nuno Gonçalves, datada o 4 de abril de 1371 ou 1381 e que foi publicado polo Suso Vila: *“ordinaron que a procissom et chamom que de costume suyam de faser hu esteve o mosteiro de sam domingo o vello a par da corredoyra, por a sesta feira dante Ramos, que a fesessem aa igrlesia de Sam Giaao dos gaffos”*. Esta *“sesta feira dante Ramos”*, é o que hoxe chamamos o Venres de Dolores.

A espiritualidade dominica profundamente ligada á Paixón e Morte de Cristo, anima que na segunda metade do século XIV

se celebra no seu convento tudense a cerimonia do Desencravo, como confirma a existencia dunha imaxe articulada de Cristo daquel período, hoxe no Museo Diocesano. A orixe desta cerimonia está relacionado coa renovación que levan a cabo os dominicos (tamén os franciscanos) no seu método de predicar, que inclúe o frecuente emprego de imaxes para conmoover ao auditorio e facerlles chegar de forma máis efectiva a mensaxe dos sermóns. Non é unha casualidade, por tanto, que mesmo tras a desaparición definitiva dos dominicos desta cidade, fai cento noventa anos, os tudenses continuasen asistindo á súa igrexa para rememorar aquel episodio da súa Paixón.

A espiritualidade dominica dará orixe a outra manifestación moi característica: as confrarías de disciplinantes, normalmente postas baixo o título da Vera Cruz. Posiblemente a súa fundación en Tui é temperará; sospeito que xa debeu existir algunha no século XIV estimulada,

Notas Históricas da Semana Santa Tudense

como noutros lugares, polo impacto da Peste Negra.

Por outra parte, as Sinodais do bispo D. Diego de Muros nos informan como xa en 1482, despois da misa de Xoves Santo, levábase en procesión ao Santísimo para depositalo no Monumento, sendo velado durante toda a noite na catedral polos veciños. No século XVII este rito gaña en solemnidade e boato coa nova estrutura para o Monumento, contratado en 1775, e do que aínda podemos desfrutar, constituíndo hoxe pola súa rareza unha das xoias da nosa catedral.

En 1542 fundouse a Irmandade da Santa Casa da Misericordia, que desde 1571 contará cunha nova capela, que terá un gran protagonismo na Semana Santa de Tui. En 1645 créase a da Nosa Señora da Soidade, con sede na catedral, que se converterá na protagonista da procesión da tarde do Venres Santo na que, tras o Desencravo en Santo Domingo, rememoraba o enterro de Cristo, para o que nun principio se utilizou a imaxe xacente que aínda hoxe se pode ver no seu retablo –encargado en 1694– aos pés da imaxe de a titular.

Pouco despois, en 1647, créase na capela da Misericordia a confraría do Doce Nome de Xesús, do que debía existir unha imaxe anterior a esta data que será substituída por unha nova en 1691. Durante moito tempo a chamarán os veciños da cidade o Santo Nome de Xesús, aparecendo o título polo que hoxe é coñecida –Doce Nome– a partir dos anos trinta do século XVIII. Saía en procesión o Venres Santo pola mañá e escenificábase o Encontro



entre o Señor e a súa Nai na rúa da Amargura. Como sostivo no seu día D. Manuel Fernández-Valdés, é posible que as imaxes que participaban nela acabaran asumindo o papel protagonista dun anterior auto sacramental, moi frecuentes na Baixa Idade Media e no século XVI, que desta maneira puido subsistir ante a crecente oposición das autoridades eclesíásticas a que se escenificasen.

Durante o século XVIII as procesións de Tui enriquecécese coa chegada dos franciscanos á cidade en 1642 fuxindo da guerra con Portugal. En 1684 empezaron a construción do seu convento, rematando a obra da súa igrexa en 1727. A presenza franciscana tivo que supoñer un impacto moi importante, por canto a súa espiritualidade estaba moi ligada tamén aos misterios da Paixón e Morte de Cristo. Así a Venerable Orde Terceira, dos franciscanos, fundada en 1703, como era habitual nesta orde, promove a procesión do Ecce Homo a tarde do Domingo de Ramos.

A principios do século XIX, a revitalización da Irmandade do Doce Nome plasmarase en dous

Notas Históricas da Semana Santa Tudense



acontecementos. O encargo en 1815 dunha nova imaxe do Nazareno para a procesión do Encontro, e a montaxe do Horto das Oliveiras, cuxa noticia máis antiga é de 1818. A mediados deste século XIX organizábase unha nova procesión, a do Santísimo Cristo da Agonía, exclusivamente masculina, que percorrerá a cidade a tarde do Domingo previo ao de Ramos.

A Semana Santa vive unha etapa de esplendor na primeira metade de século pasado—a fermosa imaxe da Dolorosa do escultor Querol chega en 1910-, á que segue un estancamento e posterior decadencia, que probablemente teña tamén relación co cambio de residencia do Bispo, e traslado da Curia e o Seminario Maior a Vigo en 1959. Desde 1961 deixou de saír a procesión do Ecce Homo e poucos anos despois a do Smo. Cristo da Agonía.

Porén, a partir de 1974 iniciábase un movemento que ten como obxectivo sacar os actos de Semana Santa do marasmo; en 1983 revitalízase a Irmandade da Santa Casa de Misericordia, incluíndo algúns anos máis tarde na procesión do Encontro a imaxe do Ecce Homo. Tamén grazas á decisión de exvoluntarios do corpo de Protección Civil de Tui, volveu saír o Calvario composto pola fermosa talla do Cristo da Agonía, flanqueado pola Virxe e San Xoán.

Ademais, a procesión feminina que antano conducía de noite á Virxe da Soidade desde San Francisco —onde se recollía trala procesión do Santo Enterro— ata a catedral, trasladouse á mañá do Sábado Santo, pechando con iso o ciclo procesional tudense, aínda que cambiando recentemente a imaxe catedralicia pola que, consecuentes coas súas devocións marianas, introduciron os franciscanos na urbe tudense.

Tomado do pregón da Semana Santa de 2013 de Domino González Lopo.

Do 6 ao 20 de abril de 2025

SEMANA SANTA TUI



Hermandad del
Dulcísimo Nombre
de Jesús y de la Santa
Casa de Misericordia

Colabora



Asoc. "Cristo da
Agonia" - Antigos Voluntarios
de Protección Civil de Tui